

## Información importante

### Réxime ordinario

#### 1. Prazos de presentación de solicitudes

- Período ordinario: do 18 de xuño ao 2 de xullo ata as 13:00 horas, ambos os dous incluídos.
- Período extraordinario: do 3 ao 12 de setembro ata as 13:00 horas, ambos os dous incluídos.

**Nota:** lémbrese que as solicitudes presentadas no período ordinario terán prioridade sobre as presentadas no período extraordinario.

#### 2. Presentación da solicitude

- Debe presentarse unha única solicitude por réxime e grao, no centro elixido como primeira opción.
- A solicitude de admisión deberase presentar por duplicado; unha das copias é para a persoa interesada.

#### 3. Adxudicación de praza

Logo de adxudicárselle unha praza, a persoa solicitante ten dúas posibilidades:

- Matricularse:** deberase facer no centro adxudicado e nos prazos establecidos. **Estar matriculado en calquera ensinanza, incluída a FCT, implica a renuncia a participar no proceso de admisión a ciclos formativos.**
- Renunciar á praza:** deberase facer no centro adxudicado e nos prazos establecidos. A renuncia afectará a praza que lle foi adxudicada e a todas as preferencias sinaladas en lugares posteriores a esa. Seguirase no proceso de adxudicación para as preferencias anteriores.

#### 4. Distribución de prazas por ciclo

A distribución, ao comezo do proceso de admisión, das prazas dispoñibles para cada ciclo e para cada centro é:

No caso de **grao medio**:

Acceso directo	Acceso por PCPI*	Acceso mediante proba
Ata o 70%	2/3 do 30 % restante	1/3 do 30 % restante
10 % para persoas discapacitadas		
5 % a maiores para deportistas de alto rendemento		

\* Acceso por superación dos módulos obrigatorios de PCPI do curso 2011-2012 e seguintes.

No caso de **grao superior**:

Acceso directo	Acceso mediante proba
80 %	20 %
10 % para persoas discapacitadas	
5 % a maiores para deportistas de alto rendemento	

**De non matricularse nin renunciar á praza adxudicada no prazo establecido, vostede quedará excluído do proceso de admisión. Estar matriculado en calquera ensinanza, incluída a FCT, implica a renuncia a participar no proceso de admisión en ciclos formativos.**

#### 5. Prazos do proceso de admisión

Período ordinario de admisión	
Presentación de solicitudes	Do 18 de xuño ao 2 de xullo ás 13:00 horas
Listaxe provisional de solicitudes	4 de xullo
Reclamación contra a listaxe provisional	Do 4 ao 10 de xullo ás 13:00 horas
Listaxe definitiva de solicitudes	16 de xullo
1ª adxudicación	17 de xullo
Matriculación 1ª adxudicación	Do 17 ao 19 de xullo ás 13:00 horas
2ª adxudicación	24 de xullo
Matriculación 2ª adxudicación	Do 24 ao 27 de xullo ás 13:00 horas

Período extraordinario de admisión	
Presentación de solicitudes	Do 3 ao 12 de setembro ás 13:00 horas
Listaxe provisional de solicitudes	14 de setembro
Reclamación contra a listaxe provisional	Do 14 ao 17 de setembro ás 13:00 horas
Listaxe definitiva de solicitudes	18 de setembro
1ª adxudicación	19 de setembro
Matriculación 1ª adxudicación	Do 19 ao 21 de setembro ás 13:00 horas
2ª adxudicación	25 de setembro
Matriculación 2ª adxudicación	Do 25 ao 27 de setembro ás 13:00 horas

# Admisión ao primeiro curso dos ciclos formativos de **grao medio no réxime ordinario** en centros sostidos con fondos públicos (proceso centralizado). Curso 2012-2013

## Instrucións sobre o proceso de admisión e para cubrir o impreso de solicitude de admisión

### POR FAVOR, LEA A INFORMACIÓN QUE CONTEÑEN ESTAS PÁXINAS

#### 1. Documentación incluída

- Folla complementaria da solicitude de admisión.
- Impreso de solicitude de admisión a ciclos de grao medio, segundo modelo de anexo I.
- Impreso de renuncia á praza adxudicada, permanecendo no proceso, en espera da adxudicación de opcións anteriores. Só é necesario no caso de que desexa renunciar a algunha adxudicación
- Impreso de solicitude de matrícula, que deberá presentarse logo de que a persoa interesada obteña adxudicación.
- Poña especial coidado na formalización dos impresos; calquera erro pode prexudicalo no proceso de admisión a ciclos formativos de grao medio de formación profesional inicial.
- Cubra os impresos de xeito claro, mecanografado ou con letra de imprenta.

#### 2. Prazo de solicitude de admisión

- O prazo de presentación de solicitudes de admisión é o seguinte:
  - Período ordinario: do 18 de xuño ao 2 de xullo ás 13:00h.
  - Período extraordinario: do 3 ao 12 de setembro ás 13:00h.
- Unicamente poderá presentar a solicitude de admisión quen cumpra os requisitos de acceso no momento da inscrición.
- As solicitudes presentadas no período ordinario terán prioridade sobre as presentadas no período extraordinario.
- Estar matriculado en calquera ensinanza, incluída a FCT, implica a renuncia a participar no proceso de admisión en ciclos formativos.

#### 3. Apartados do impreso de solicitude

##### Datos persoais da persoa solicitante

- Neste apartado, a persoa solicitante consignará de xeito claro os seus datos persoais. Cubra todos os datos requiridos (se dispón de máis dun número de teléfono, indíqueos).

##### Expón

- Neste apartado, a persoa solicitante marcará mediante un X no cadro correspondente do anexo I e da folla complementaria da solicitude, a forma pola que solicita o acceso aos ciclos formativos de grao medio.

- No caso de acceso directo marcará os estudos que acredita.
- Acceso mediante superación dos módulos obrigatorios dun PCPI segundo a Orde do 13 de xullo de 2011, cando corresponda.
- No caso de acceso mediante proba marcará a proba correspondente á documentación presentada.
- Débese marcar **só unha forma de acceso**. Quen cumpra simultaneamente varios requisitos de acceso deberá sinalar o que teña maior porcentaxe de reserva de prazas.
- As persoas que en lugar de presentar os requisitos de acceso directo a grao medio presenten titulacións académicas de acceso directo a grao superior participarán no proceso de admisión cunha puntuación de cinco puntos.
- Se o alumno ou alumna **solicita repetir por primeira vez no mesmo centro**, deberá marcar o cadro correspondente e non cumprirá cubrir o requisito de acceso, nin que achegue documentación ningunha. Neste caso terá a praza garantida.

##### Xunta a seguinte documentación acreditativa

- A persoa solicitante sinalará a documentación que achega, marcando cun X no cadro correspondente. Cumprirá entregar fotocopias compulsadas ou cotexadas dos documentos (excepto o alumnado que solicite repetir no mesmo centro).
  - DNI, NIE, pasaporte ou documento de identidade doutro Estado da Unión Europea.
  - **Acceso directo** (ESO ou ciclo medio).
    - Certificación académica en que conste o expediente académico e o depósito do título alegado para o acceso, de ser o caso. Para as persoas con estudos LOE, en centros sostidos con fondos públicos, na Comunidade Autónoma de Galicia non será necesario presentar a certificación académica, salvo nos casos en que a Administración educativa así o demande.
  - **Acceso mediante PCPI**.
    - Non será necesario presentar a certificación académica, agás nos casos en que a Administración educativa así o demande.
  - **Acceso mediante proba**.
    - Certificado da superación da proba de acceso ao ciclo formativo. Non cumprirá a presentación do certificado se a proba se realizou nesta comunidade despois do ano 2008, agás nos casos en que a administración educativa así o demande.

- Certificado da superación da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

Ademais, deberá achegar a seguinte documentación, de ser o caso:

– **Acreditación de discapacidade.**

- Certificado do recoñecemento do grao de minusvalía.
- Ditame técnico facultativo.

– **Acreditación de deportista de alto nivel.**

- Resolución personalizada da Secretaría Xeral para o Deporte pola que quen solicita obtén a consideración de deportista galego de alto nivel.
- Resolución personalizada do Consello Superior de Deportes pola que quen solicita obtén a consideración de deportista nacional de alto nivel.

– **Titulacións obtidas no estranxeiro.**

– Credencial definitiva de homologación dos seus estudos cos correspondentes españois. Quen non dispoña da credencial indicada anteriormente deberán xuntar o volante de inscrición condicional para cursar estudos de grao medio.

– Expediente académico expedido no estranxeiro, que deberá axustarse aos requisitos seguintes:

- Ser oficial e con cualificacións por materia e curso, e estar expedido polas autoridades competentes.
- Presentarse legalizado por vía diplomática ou mediante a apostila do Convenio da Haia. Requisito non esixido aos documentos expedidos na Unión Europea ou en países signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo.
- Achegaráselle, de ser o caso, a súa correspondente tradución oficial ao galego ou ao castelán. A tradución deberá ser realizada por:
  - Tradutor xurado, debidamente autorizado ou inscrito en España.
  - Calquera representación diplomática ou consular do Estado español.
  - Representación diplomática ou consular en España do país de procedencia.

A presentación do volante de inscrición condicional para o centro solicitado en primeiro lugar permitirá a inscrición condicionada en todos os centros e para todos os ciclos relacionados na solicitude.

– A inscrición no proceso de admisión estará condicionada á resolución do expediente de homologación. No suposto de que a resolución non se producira nos termos solicitados pola persoa interesada e incluídos no citado volante, quedará sen efecto a inscrición no proceso de admisión aos ciclos formativos de grao medio, e a conseguinte matrícula.

## Solicita

- Indicará o curso académico para o que solicita a admisión mediante os dous derradeiros díxitos dos anos a que se refire o curso.
- Solicitantes de novo ingreso ao primeiro curso: manifestará os ciclos que solicita por orde de preferencia, indicando o centro en que desexe cursalos. Pódense consignar **oito preferencias** de ciclos como **máximo**; as que excedan ese número non se terán en conta.
- O alumnado que solicite repetir por primeira vez no mesmo centro manifestará un único ciclo.
- Os ciclos solicitados e o centro onde se imparten deberán ser identificados mediante o **código do ciclo** e o **código do centro** onde se ofrece. Sinala un díxito en cada cadro reservado para o efecto. Para coñecer os códigos que se deben consignar, debe consultar a oferta educativa de ciclos formativos de grao medio en centros sos-

tidos con fondos públicos, no réxime ordinario, para o curso 2012-2013, na páxina web [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp).

- Poña moita atención na consignación dos códigos, posto que os que non correspondan aos sinalados no documento de oferta non se terán en conta e perderase esa opción de solicitude.

## Data e sinatura

- Non esqueza **asinar** a súa solicitude e indicar a data. As solicitudes non asinadas carecen de validez. Mediante a sinatura vostede faise responsable da veracidade de todos os datos consignados no proceso; a falsidade dos datos ou da documentación entregada producirá a exclusión do procedemento.

## Espazo reservado para ser cuberto pola Administración

- No espazo reservado para ser cuberto pola Administración non consigne dato ningún.
- O impreso irá dirixido á directora ou ao director do centro onde se entrega a documentación, que será aquel que ofrezca o ciclo solicitado no primeiro lugar.

## 4. Lexislación aplicable

- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanza de formación profesional inicial.
- Orde do 5 de xuño de 2007 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas (DOG do 15 de xuño).
- Orde do 12 de xuño de 2012 pola que se actualiza a oferta de ciclos formativos polo réxime ordinario, por curso completo e en modalidade presencial, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano académico 2012-2013.
- Resolución do 12 de xuño de 2012 pola que se determinan os prazos e se ditan instrucións no procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas para o curso académico 2012-2013.

## 5. Calendario do proceso de admisión

- Todas as listaxes poderán ser consultadas nos taboleiros de anuncios dos centros de inscrición e na páxina web [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp).

Período ordinario de admisión	
Presentación de solicitudes	Do 18 de xuño ao 2 de xullo ás 13:00 horas
Listaxe provisional de solicitudes	4 de xullo
Reclamación contra a listaxe provisional	Do 4 ao 10 de xullo ás 13:00 horas
Listaxe definitiva de solicitudes	16 de xullo
1ª adxudicación	17 de xullo
Matriculación 1ª adxudicación	Do 17 ao 19 de xullo ás 13:00 horas
2ª adxudicación	24 de xullo
Matriculación 2ª adxudicación	Do 24 ao 27 de xullo ás 13:00 horas

Período extraordinario de admisión	
Presentación de solicitudes	Do 3 ao 12 de setembro ás 13:00 horas
Listaxe provisional de solicitudes	14 de setembro
Reclamación contra a listaxe provisional	Do 14 ao 17 de setembro ás 13:00 horas
Listaxe definitiva de solicitudes	18 de setembro
1ª adxudicación	19 de setembro
Matriculación 1ª adxudicación	Do 19 ao 21 de setembro ás 13:00 horas
2ª adxudicación	25 de setembro
Matriculación 2ª adxudicación	Do 25 ao 27 de setembro ás 13:00 horas

## 6. Información xeral sobre o proceso de admisión a ciclos formativos de grao medio

- Deberá presentar unha única solicitude de admisión (agás para ciclos de grao diferente) xunto cun duplicado que lle será devolto despois de ser datado e selado, na secretaría do centro que imparta o ciclo solicitado en primeira opción. A entrega de varias solicitudes para o mesmo grao e réxime no mesmo centro ou en centros distintos dará lugar á súa exclusión do proceso, por incorrer en duplicidade de solicitudes.
- No caso de que vostede acceda por **proba de acceso**, tamén deberá entregar a solicitude no **mesmo prazo**.
- Os solicitantes de primeiro curso poderán renunciar á praza adxudicada e permanecer no proceso, á espera de que lles sexa adxudicada algunha das opcións manifestadas nas opcións de maior prioridade á adxudicada. A renuncia afectará á praza que fora adxudicada e a todas as preferencias sinaladas en lugares posteriores a ese.
- A renuncia deberase realizar no modelo de impreso para tal efecto, que se deberá entregar no prazo de matrícula estable-

cido, no centro no que lle foi adxudicada a praza á que vai renunciar.

- O aspirante que renuncia asume o risco de que non se lle adxudique ningunha das prazas que solicitou con anterioridade e, xa que logo, quedaría sen praza, polo que no momento de renunciar debe valorar a posibilidade de que lle adxudiquen algunha das prazas sinaladas con maior prioridade. Para tal efecto, poderá consultar no enderezo web: [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp).
- **Estar matriculado en calquera ensinanza, incluída a FCT, implica a renuncia a participar no proceso de admisión en ciclos formativos de formación profesional.**
- **As persoas solicitantes adxudicadas que non se matriculen e non presenten renuncia no prazo indicado perderán o dereito á súa praza**, nese caso, so procederá á súa matriculación ao final do proceso, se houber vacantes.
- Cando non existan postos escolares suficientes para atender todas as solicitudes, para acceder a ciclos formativos de grao medio atenderase a nota media do expediente académico dos estudos requiridos para o acceso, con independencia de que procedan do mesmo centro educativo ou doutro distinto.
- En caso de empate entre varias persoas solicitantes por unha mesma praza, e co obxectivo de favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou de homes, seleccionárase en virtude do sexo menos representado na área profesional en que se demande a praza de formación. De persistir o empate, resolverase mediante sorteo público.
- No caso de ter máis dun requisito de acceso directo poderá presentar o que considere.
- No caso de acceso mediante proba atenderase a nota final da devandita proba, con independencia do centro educativo de procedencia da persoa solicitante.
- A formalización da matrícula nos centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria quedará condicionada a que estea cargado na aplicación informática, antes do 13 de xullo, un número mínimo de doce solicitudes de primeira opción por cada centro educativo nas cidades da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, e de oito solicitudes de primeira opción en cada centro do resto de Galicia, para cada un dos ciclos formativos de grao medio ou superior, tanto no réxime ordinario como no réxime de persoas adultas na modalidade presencial.
- A admisión ao ciclo formativo de grao medio de mergullo a media profundidade, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 5 de xuño de 2007, quedará condicionada a que a persoa solicitante supere determinadas probas específicas que acrediten que reúne as condicións físicas e psíquicas requiridas. Para poder realizar as devanditas probas será preciso que a persoa participante teña cumpridos os 18 anos ou vaia cumprilos no ano de realización da proba, debido ao risco que supoñen para a súa seguridade.
- Para obter máis información pode consultar a páxina web [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp) ou dirixirse aos centros educativos onde se impartan ciclos formativos.
- Lembre que a normativa sempre prevalece sobre calquera outra información. Este documento contén información de carácter xeral extraída da normativa, polo que calquera dúbida ou contradición se resolverá atendendo á normativa vixente.

ANEXO I A)

**Complemento da solicitude de admisión a ciclos formativos**

(achegar coas solicitudes de réxime para as persoas adultas e de réxime ordinario de grao medio)

<input type="checkbox"/> Réxime para as persoas adultas (risque o que proceda)		
<input type="checkbox"/> Distancia:		
<input type="checkbox"/> Grao medio <input type="checkbox"/> Acceso directo. <input type="checkbox"/> Acceso por PCPI (Orde do 13 de xullo de 2011) <input type="checkbox"/> Acceso mediante proba. <input type="checkbox"/> Sen requisitos de acceso.		
<input type="checkbox"/> Grao superior <input type="checkbox"/> Acceso directo. <input type="checkbox"/> Acceso mediante proba. <input type="checkbox"/> Sen requisitos de acceso.		
<input type="checkbox"/> Presencial:		
<input type="checkbox"/> Grao medio <input type="checkbox"/> Acceso directo. <input type="checkbox"/> Acceso por PCPI (Orde do 13 de xullo de 2011) <input type="checkbox"/> Acceso mediante proba. <input type="checkbox"/> Sen requisitos de acceso.		
<input type="checkbox"/> Grao superior <input type="checkbox"/> Acceso directo. <input type="checkbox"/> Acceso mediante proba. <input type="checkbox"/> Sen requisitos de acceso.		
As solicitudes do réxime para as persoas adultas achegadas van ordenadas e numeradas segundo a orde de preferencia que se relaciona:		
	Código centro	Código ciclo
1º		
2º		
3º		
4º		

<input type="checkbox"/> Réxime ordinario de grao medio (risque o que proceda)		
<input type="checkbox"/> Acceso directo. <input type="checkbox"/> Acceso por PCPI (Orde do 13 de xullo de 2011) <input type="checkbox"/> Acceso mediante proba.		

Sinatura da persoa solicitante	Sinaturas de titores legais (no caso de menores de idade)
Nome e apelidos:	Nome e apelidos:
DNI:	DNI:
Correo electrónico: (só, inscricións de distancia)	

**Director/ora do centro sinalado como primeira preferencia**



PROCEDIMENTO <b>SOLICITUDE DE ADMISIÓN A CICLOS FORMATIVOS NO RÉXIME ORDINARIO EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS. SOLICITANTES DE 1º CURSO DE GRAO MEDIO</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>ED519A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS PERSONAIS DO/A SOLICITANTE**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF	DATA DE NACEMENTO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO (RÚA, NÚMERO E ANDAR)				
<input type="text"/>				
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**EXPÓN** (marque cun X a opción correspondente):

- QUE CUMPRE O REQUISITO DE ACCESO
- Directo por:
- Graduado en educación secundaria obrigatoria.
  - Título de técnico auxiliar.
  - Título de técnico.
  - Segundo curso de bacharelato unificado polivalente.
  - Segundo curso de primeiro ciclo experimental da REM.
  - Das ensinanzas de artes aplicadas e oficios artísticos: 3º curso do plan de estudos de 1963 ou 2º curso de comúns experimentais.
- Mediante proba:
- Proba de acceso aos ciclos formativos.
  - PAU para maiores de 25 anos.
- QUE REPITE 1º CURSO NO MESMO CENTRO.

**PRESENTA A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA (MEDIANTE FOTOCOPIA COMPULSADA)**

(Excepto alumnado repetidor no mesmo centro)

- DNI, NIE, pasaporte ou documento de identidade doutro Estado da Unión Europea.
- Certificación académica en que conste o expediente académico e o depósito do título, de ser o caso (acceso directo).
- Certificado da superación da proba de acceso ao ciclo formativo (acceso mediante proba).
- Certificado da superación da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos (acceso mediante proba).
- Certificado do recoñecemento do grao de minusvalidez (en caso de persoas con discapacidade).
- Dictame técnico facultativo (en caso de persoas con discapacidade).
- Resolución personalizada da Conselleriade Cultura e Deporte pola cal quen solicita obtén a consideración de deportista galego de alto nivel.
- Resolución personalizada do Consello Superior de Deportes pola cal quen solicita obtén a consideración de deportista nacional de alto nivel.
- Volante de inscrición condicional (só para titulacións obtidas no extranxeiro).

**SOLICITA:**

A súa admisión para o curso escolar 20  / 20  como alumno/alumna para cursar, por orde de preferencia, os seguintes estudos (no caso de alumnado repetidor, indicar só o ciclo correspondente).

ORDE	CÓDIGO DO CENTRO EN QUE SE IMPARTA O CICLO	CÓDIGO DO CICLO FORMATIVO	ORDE	CÓDIGO DO CENTRO EN QUE SE IMPARTA O CICLO	CÓDIGO DO CICLO FORMATIVO
1	<input type="text"/>	<input type="text"/>	5	<input type="text"/>	<input type="text"/>
2	<input type="text"/>	<input type="text"/>	6	<input type="text"/>	<input type="text"/>
3	<input type="text"/>	<input type="text"/>	7	<input type="text"/>	<input type="text"/>
4	<input type="text"/>	<input type="text"/>	8	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.  
- Orde do 5 de xuño de 2007 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.

FÁGOME RESPONSABLE DA VERACIDADE DOS DATOS RECOLLIDOS NESTA SOLICITUDE.  
SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

**(Para cubrir pola Administración)**

RECIBIDO	<input type="text"/>
REVISADO E CONFORME	<input type="text"/>

NÚMERO DE EXPEDIENTE	<input type="text"/>
DATA DE ENTRADA	<input type="text"/>
DATA DE EFECTOS	<input type="text"/>
DATA DE SAÍDA	<input type="text"/>

Director /a do centro

ANEXO VIII

RENUNCIA Á ADXUDICACIÓN DE PRAZA DE CICLOS FORMATIVOS EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS

DATOS PERSOAIS DO/DA SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	DNI	DATA DE NACEMENTO
ENDEREZO (RÚA, Nº., ANDAR)			
CÓDIGO POSTAL E LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL

EXPON:

- Que, conforme a súa solicitude de admisión en ciclos formativos de formación profesional de grao \_\_\_\_\_, foille asignada praza no centro \_\_\_\_\_ no ciclo formativo \_\_\_\_\_
- Que, en virtude do establecido no artigo 19 da Orde do 5 de xuño de 2007 pola cal se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas, desexa renunciar á devandita praza, e permanecer na lista de espera para todos os ciclos formativos que figuran na súa solicitude con carácter preferente ao que lle foi asignado.
- Que coñece que esta petición supón a renuncia expresa á praza asignada e a todas as que figuran na súa solicitude nas seguintes ordes de prioridade, e que como consecuencia do proceso de escolarización puidera non ter garantida a praza naqueles ciclos formativos solicitados con maior prioridade.

SOLICITA:

Que sexa admitida a presente renuncia ao 1º curso polo réxime ordinario.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 5 de xuño de 2007 pola cal se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.

FÁGOME RESPONSABLE DA VERACIDADE DOS DATOS RECOLLIDOS NESTA SOLICITUDE.  
SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

, de de 20

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

DATA DE ENTRADA
/ /

# ANEXO VII

## SOLICITUDE DE MATRÍCULA

### CICLOS FORMATIVOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

Réxime:  Ordinario  Persoas adultas

Centro: \_\_\_\_\_  
 Nº de inscrición: \_\_\_\_\_  
 Concello: \_\_\_\_\_ Provincia: \_\_\_\_\_  
 Adscrito ao: \_\_\_\_\_

CURSO	
20	20
CÓDIGO DO CENTRO	
NÚMERO DE EXPEDIENTE	

**ESTUDOS PARA OS CALES SE DESEXA FORMALIZAR A MATRÍCULA:** ciclo formativo de grao  Medio  Superior

FAMILIA PROFESIONAL			
CICLO FORMATIVO	CURSO		
MÓDULOS (en caso de oferta modular, indicar código)			

#### DATOS DO/DA ALUMNO/A

Primeiro apelido		Segundo apelido		Nome	
Teléfono		Teléfono de urxencia			
		Pai		Titor/a	
Centro de procedencia					
Datos de nacemento					
Data de nacemento	Sexo	País	Nacionalidade	Provincia	Concello
Documento de identificación			Datos da Seguridade Social		
Tipo (DNI ou pasaporte)		Número	Nº de tarxeta sanitaria		NUSS

#### DATOS FAMILIARES

Pai					
Apelidos e nome	Estudos	Profesión	DNI/pasaporte	Lugar de traballo	Teléfonos (familiar-traballo)
Nai					
Apelidos e nome	Estudos	Profesión	DNI/pasaporte	Lugar de traballo	Teléfonos (familiar-traballo)
Titor/a legal					

**ENDEREZOS<sup>1</sup>** (envío de correspondencia): familiar  pai  nai

Familiar					
Enderezo (rúa, número, andar)	Provincia	Concello	Localidade	Lugar	Código postal
Pai (se é distinto do familiar)					
Enderezo (rúa, número, andar)	Provincia	Concello	Localidade	Lugar	Código postal
Nai (se é distinto do familiar)					
Enderezo (rúa, número, andar)	Provincia	Concello	Localidade	Lugar	Código postal

ESTUDOS ACHEGADOS	
-------------------	--

O/a funcionario/a receptor/a (selo do centro)

• Fágome responsable dos datos recollidos nesta solicitude

• Coñezo o establecido sobre o carácter provisoria da solicitude de matrícula condicionada a que haxa un número mínimo de solicitudes de matrícula admitidas segundo se estableza na Orde do 5 de xuño de 2007, pola cal se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 20\_\_

Sinatura

<sup>i</sup> Poña un X no cadro que corresponda